

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>	<p><b>Documento de posicionamento RESIDUOS</b></p>	amigosdaterra.net
		<p><b>Amigos da Terra</b>          R/ Capitan Eloi,20,2º esquerda 32003 Ourense          Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020          e-mail: info@amigosdaterra.net</p>	

## **DOCUMENTO DE POSICIONAMENTO DE AMIGOS DA TERRA SOBRE OS RESIDUOS SÓLIDOS URBANS**

### **O PROBLEMA**

A sociedade na que vivimos e da que formamos parte é adicta ó “usar e tirar”. A maioría das cousas que consideramos “residuos” poderían ter outra utilidade ou servir para outras persoas.

As diferentes etapas da vida dos materiais deberían constituír un **CICLO** desde a súa extracción ata a súa reciclaxe. Sen embargo, isto non ocorre. Os principais problemas son:

1. **Sobre-produción:** O consumismo imperante na nosa sociedade, baseado nun modelo de crecemento insostible e o custe da destrución do Planeta, fomenta a sobre-produción de artigos de consumo que na súa maioría satisfan necesidades creadas e non reais.

Este modelo de sobre-produción, promovido por un sistema económico que non inclúe os verdadeiros custes ambientais e sociais no prezo final dos produtos, promove a extracción de gran cantidade de recursos naturais, e en moitos dos casos rompese o seu ciclo no lixo, co conseguinte esgotamento dos devanditos recursos.

2. **Malas prácticas:** A falta dunha lexislación axeitada, o incumprimento sistemático da existente e a despreocupación da sociedade pola xestión e a xeración esaxerada dos residuos, teñen como resultado a desvalorización do tipo de materiais utilizados na xeración dos produtos de uso e consumo; materiais que non garanten un ciclo de vida do produto máis longo, mediante a súa reutilización ou reciclado.

Fabrícanse produtos previstos para durar pouco tempo polo que se transforman rapidamente en residuo, exténdese a práctica do sobre

empaquetamento innecesario de produtos, desaproveítase a materia orgánica dos residuos urbanos ó non realizarse unha separación selectiva da fracción orgánica do lixo, por citar só uns exemplos de malas prácticas que incrementan ano tras ano o volume de lixo producido.

3. **Excesiva eliminación:** Os españois producen o seu peso en residuos cada tres meses. Isto significa unha produción aproximada de 1,5 Kg. habitante/día. A maioría desta cantidade de residuos podería reciclarse, e sen embargo son enviados a incinerar ou o vertedoiro.

### **Cantos mundos necesitamos?**


Se todo o mundo producise a mesma cantidade de residuos que se produce en España, serían necesarios 2,04 planetas para manter o equilibrio entre produción de refugallo e consumo de recursos.

### **Cantos residuos producimos e como os xestionamos?**

En España, existe unha gran escaseza de datos con respecto ós residuos. É difícil atopar fontes de datos sobre a xeración e o tratamento dos residuos a nivel estatal. Tan só existen datos fiables nalgunhas Comunidades Autónomas, e en moitos casos, as distintas fontes consultadas contrádinse nos resultados.

### **UNHA MALA XESTIÓN VS, ...**

A normativa europea establece uns sistemas de xestión de residuos, xerarquizándoos por importancia:



### ***XERARQUÍA DA XESTIÓN DE RESÍDUOS***

Sen embargo, a pesar de que polo xeral a lexislación española recolle esta xerarquía, non se aplica na práctica.

É evidente que a prevención non se está a levar a cabo con efectividade xa que a xeración de residuos non fai máis que aumentar. Por outra parte, gran cantidade de residuos con posibilidade de reutilización ou reciclaxe son depositados en vertedoiros ou incinerados.

Os defensores dos vertedoiros e as incineradoras argumentan unha serie de vantaxes que non ignoramos, pero que non son en absoluto comparables ás desvantaxes que estes dous métodos de xestión ofrecen, entón...

### **Que son e de que maneira nos prexudica a incineración e os vertedoiros?**

***Incineración:*** Combustión de residuos a altas temperaturas:

- **Necesita que se produzan máis residuos:** As incineradoras necesitan dun mínimo de lixo para un óptimo funcionamento. Para atopar estes residuos, as autoridades están abandonando os plans de redución e reciclaxe de residuos, co cal non solucionamos o problema e se incúmpre a norma reiteradamente.

- **Alto consumo enerxético:** Aínda que coa incineración se obtéña enerxía, non é un método de aforro aínda que así o queiran vender algúns sectores interesados: a enerxía necesaria para producir, transportar e queimar un residuo é moi superior a enerxía que se poida obter del, e non esquezamos que a produción de enerxía supón consumo de recursos naturais.

- **Contaminación moi perigosa:** O fume, os gases e as cinzas procedentes da incineración poden conter daniñas dioxinas, as cales chegan a ser canceríxenas. Aínda que se melloren os sistemas de filtración e emisión de gases, numerosos estudos demostran os efectos nocivos que teñen sobre a saúde e o medioambiente.

***Vertedoiro:*** Almacenamento das lixos no chan.

- **Desaproveita materiais reutilizables ou reciclables.**

-**Produce contaminación:** O almacenamento de residuos emite gases explosivos e lixiviados contaminantes. As emisións de metano contribúen ó cambio climático.

- **Ameaza a nosa calidade de vida:** Os vertedoiros crean problemas ás Comunidades Locais. Estas molestias inclúen un aumento do tráfico, rúidos, cheiros, fume, poeira, desperdicios e pragas. Ademais España ten limitacións co recurso chan, xa que máis dun 40% da súa superficie sofre procesos de desertificación.

- **Non ten lóxica:** Facer buracos no chan onde depositar inxentes cantidades de residuos, non soamente destrúe o entorno onde se sitúa, senón que ten unha limitación espacial e temporal, incoherentes coa natureza onde todos os ciclos péchanse e perduran.

### **...VS AS SOLUCIÓNS DE AMIGOS DA TERRA**

Desde Amigos da Terra pensamos que o mellor residuo é o que non se produce e que máis do 80% dos que se producen poderían ser reempregados ou reciclados, polo que propoñemos o seguinte:

**1. Poñer en marcha todas as medidas dispoñibles para a prevención da xeración de residuos:** incentivos fiscais e económicos, obrigas legais e o seu estricto cumprimento, investigacións sobre materiais, ciclos de vida, etc.

**2. Os cartos obtidos das taxas establecidas sobre os vertedoiros pode empregarse para promover medidas de prevención, alternativas ó vertedoiro e a incineración e concienciación cidadá.**

As leis europeas obrigan ó goberno nacional a reducir a cantidade de residuos enviádos o vertedoiro e as taxas impostas sobre o vertedoiro pretenden facer máis viable economicamente o reciclado tanto para as empresas como para as autoridades locais.

**3. Promover a compostaxe de residuos orgánicos** e así reducir o 50% de nosa bolsa de lixo ademais de obter un sustrato de alta calidade e sacar proveito do que xeramos. Para iso é necesario implantar a separación selectiva da materia orgánica.

**4. Facilitar a recollida selectiva,** proveer a todos os cidadáns de contedores de separación perto de casa para TODO TIPO de residuos e informar e educar en gran medida acerca dos sistemas de xestión de cada concello.

**5. Atopar mecanismos para que os mercados favorezan as materias recicladas fronte ás materias primas.**

**6. Facer aos fabricantes responsables dos residuos producidos a partir de os seus produtos,** pechando o ciclo de vida, e favorecendo así a fabricación de produtos reciclables e cunha maior duración.

**7. Non construír incineradoras,** cando exista outra alternativa viable, e investir os recursos en solucións menos perxudiciais para o medio ambiente.

**8. Fomentar a xestión de residuos descentralizada,** que aforra gastos de transporte, emisións de CO2 e facilita a reciclaxe dos mesmos.

**9. Cumprir a lexislación** existente e realizar actuacións efectivas para

cumprir os obxectivos de redución, reutilización e reciclaxe previstos na lexislación e os planos.

## **10. Promover programas de participación a nivel local.**

### **Reducir, Reempregar e Reciclar.**

iiiAxuda a parar que a Terra se vaia ao lixo!!!

Amigos da Terra cree no funcionamento das tres R,s á que nós engadimos unha máis:

- **Redución:** Trátase do elemento clave para acabar co problema de residuos que se creou nos últimos anos. Para logralo é necesario un cambio de actitude con respecto ós residuos por parte, tanto dos cidadáns como das industrias e as administracións. Non só é necesario reducir a xeración de residuos, tamén a súa perigosidade.

- **Reutilización:** É un concepto moi relacionado co anterior. Antes de considerar algo residuo, é necesario reflexionar acerca de se non ten ningún tipo de uso.

- **Reciclaxe:** Para pechar o ciclo da materia é necesario asegurar o funcionamento de todos os elementos do mercado da reciclaxe: recollida selectiva de residuos, reciclaxe da materia, venda do material reciclado, etc.

- **Responsabilidade:** Para un bo cumprimento das R,s anteriores é necesario aplicar a responsabilidade de todos os sectores implicados diante da xestión dos residuos.

E poderíanse engadir algunhas R,s máis:

- **Reflexionar:** Sobre as consecuencias do noso consumo e como afecta á problemática de residuos.

- **Reparar:** Aqueles produtos que teñan aínda vida útil.

- **Rexeitar:** Productos innecesarios, sobreenvasados, de curta vida útil...

- **Reivindicar:** Por parte dos cidadáns unha efectiva xestión dos RSU por parte da administración e denunciar os casos nos que a xestión sexa desaxeitada.

Mediante estes pasos, deberíase ir avanzando para o utópico **“residuo cero”**. Sen embargo, somos conscientes, de que aínda queda moito traballo por facer para alcanzalo, e nalgúns ocasións é inevitable a eliminación de residuos. Só nestes casos, e despois de que os estudos demostren que o vertedoiro ou a incineración son a alternativa ambiental máis viable, por imposibilidade de aplicar outras, toleramos estes métodos.